



## DOSSIER DE INFORMACIÓN



8 de marzo de 2010

### Perfil profesional Xestor de Innovación

**Accións para a elaboración e experimentación de produtos, técnicas e/ou ferramentas de carácter innovador:  
i<sup>3</sup>CEG Xestor de Innovación**

*Dossier de información adicional para a elaboración do cuestionario de identificación e validación das competencias do perfil profesional Xestor de Innovación (XEI) en Galicia.*

Financia:



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR

Dirección Xeral de Formación e Colocación



## SUMARIO

|   |          |
|---|----------|
| <b>1. INTRODUCCIÓN.....</b>   | <b>4</b> |
| <b>2. I<sup>3</sup>SCEG XESTOR DE INNOVACIÓN: SÍNTESE DO PROXECTO .....</b>           | <b>5</b> |
| <b>3. METODOLOXÍA DE TRABALLO E RESULTADOS PREVISTOS .....</b>                        | <b>6</b> |
| 3.1. Plan de traballo para o Grupo de Expertos .....                                  | 7        |
| 3.1.1. Acción 2: reunión Grupo de Expertos.....                                       | 8        |
| <b>4. ANEXOS.....</b>   | <b>9</b> |
| 4.1. Anexo 1. Definición e estrutura da unidade de competencia .....                  | 9        |
| 4.2. Anexo 2. Glosario de termos .....  | 10       |
| 4.3. Anexo 3. Perspectiva xeral das actividades do Proxecto I <sup>3</sup> sCEG ..... | 10       |



| Accións para a elaboración e experimentación de produtos, técnicas e/ou ferramentas de carácter innovador: i <sup>3</sup> sCEG Xestor de Innovación  |   |
|--|---|
| Proxecto desenvolvido ao abeiro da Orde do 13 de novembro de 2009, pola que se aproba a convocatoria de subvencións públicas destinadas á realización de accións de apoio e de acompañamento á formación, de ámbito autonómico, correspondentes ao exercicio 2009. |   |
| Período de execución:  | 17/02/2010 a 08/11/2010   |
| Obxectivos do proxecto:  | Deseñar unha ferramenta que permita avaliar as competencias dos Xestores de Innovación en Galicia.<br>Crear un punto de encontro e plataforma de difusión en materia de xestión da innovación en Galicia.<br>Personalizar mediante un sistema de información a oferta relativa á xestión da innovación adaptada ás necesidades de cada usuario da ferramenta. |
| Fase de traballo actual:   | Fase 1: Estudo e análise do perfil Xestor de Innovación (XEI).  |
| Obxectivos da fase:  | Analizar as competencias dun perfil profesional Xestor de Innovación proposto e avaliar a súa idoneidade para o contexto galego.<br>Completar o perfil profesional proposto con aquelas realizacións profesionais e criterios de realización que os expertos consultados consideren adecuados.  |
| Resultados previstos :   | Definición completa do perfil profesional Xestor de Innovación.   |
| Principais fitos da fase:  | 22/03/2010: data límite para remitir o cuestionario cuberto.<br>25/03/2010: data de reunión da xuntanza do Grupo de Expertos para analizar os resultados globais das respostas recollidas no cuestionario.  |
| Información e recepción de cuestionarios:  | Confederación de Empresarios de Galicia<br>Rúa do Vilar, 54. 15705 - Santiago de Compostela<br>Tel.: 981 555 888<br>Fax: 981 555 882<br>E-mail: info@ceg.es<br>http://www.ceg.es  |



## 1. INTRODUCCIÓN

A Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), como entidade de máxima representación do empresariado galego, está a desenvolver unha intensa labor orientada a prestar apoio ao tecido produtivo da Comunidade nun dos factores que máis directamente inflúen na súa competitividade: a capacidade de innovar.

No desenvolvemento desta liña de traballo, a CEG, como moitas outras organizacións, ten tomado conciencia dun factor que resulta fundamental para o éxito de calquera estratexia baseada na valorización do coñecemento e da innovación: a capacitación das persoas que deben levala a cabo. E é nesta área na que ten desenvolvido diversas ferramentas de carácter práctico que contribúen a implementar a innovación no día a día das empresas de Galicia.

Unha desas ferramentas é a que propoñemos co Proxecto **i<sup>3</sup>sCEG**, mediante a que queremos facilitar un modelo de avaliación automatizada das competencias profesionais do perfil Xestor de Innovación. Este proxecto dá continuidade ás accións que nos anos precedentes ten desenvolvido a nosa organización, tales como o proxecto piloto **innopractica**: perfil ADI, desenvolvido en 2008 co apoio financeiro do INCITE-Programa de articulación do sistema de investigación e innovación, e que permitiu a capacitación de Axentes dinamizadores da innovación en 20 pemes galegas. Ou as dúas accións de apoio e acompañamento á formación, de ámbito autonómico, desenvolvidas co apoio financeiro da Consellería de Traballo e do Fondo Social Europeo:

- Análise e deseño do novo perfil profesional Axente dinamizador da innovación (ADI), levado a cabo en 2008.
- Desenvolvemento de contidos formativos e materiais didácticos para a figura do axente dinamizador da innovación. Desenvolvemento de experiencia piloto e guía de asesoramento, levada a cabo en 2009.

Neste contexto é onde se enmarca o Proxecto **i<sup>3</sup>sCEG** Xestor de Innovación.



## 2. i<sup>3</sup>sCEG XESTOR DE INNOVACIÓN: SÍNTESE DO PROXECTO

O Proxecto i<sup>3</sup>sCEG Xestor de Innovación é unha iniciativa que consiste no deseño e experimentación dunha ferramenta de carácter innovador que contribuirá á xestión e dinamización da formación do perfil profesional Xestor de Innovación ao propoñer un modelo de avaliación automatizada das competencias profesionais do perfil Xestor de Innovación. Para iso, a CEG conta co apoio financeiro da Consellería de Traballo, ao abeiro da Orde do 13 de novembro de 2009, pola que se aproba a convocatoria de subvencións públicas destinadas a realización de accións de apoio e de acompañamento á formación, de ámbito autonómico, correspondentes ao exercicio 2009.

Os obxectivos globais que a CEG quere alcanzar co desenvolvemento deste proxecto, son os que se sinalan a continuación:

- Diseñar unha ferramenta que permita avaliar de forma automatizada as competencias dos xestores de innovación en Galicia.
- Crear un punto de encontro e plataforma de difusión para os profesionais que traballan no ámbito da xestión da innovación en Galicia.
- Personalizar, mediante un sistema de información, a oferta formativa relativa á xestión da innovación existente en Galicia.

Para a execución dos devanditos obxectivos, i<sup>3</sup>sCEG Xestor de Innovación deberá desenvolver as seguintes funcionalidades:

- Realizar unha avaliación inicial de competencias do usuario do sistema.
- Identificar as súas necesidades de formación.
- Crear un perfil formativo personalizado de acordo cos parámetros inicialmente identificados (folla de ruta).
- Dirixir aos usuarios á oferta formativa relacionada coa innovación.
- Facer seguimento e afianzar a formación do usuario no ámbito da innovación, mediante a proposta de novos cursos ou reforzo dos xa realizados.
- Crear un espazo de interconexión en todo o relacionado coa capacitación en innovación mediante as prestacións web 2.0 e interconexión con redes sociais.

i<sup>3</sup>sCEG Xestor de Innovación constitúe, en definitiva, unha acción experimental cuxa finalidade é a construción dun modelo de avaliación automatizada das competencias profesionais do perfil Xestor de Innovación, complementada cunha folla de ruta individualizada para que cada usuario mellore o nivel das súas competencias.



### 3. METODOLOXÍA DE TRABALLO E RESULTADOS PREVISTOS


O punto de partida para o desenvolvemento do proxecto é a identificación do perfil profesional do Xestor de Innovación, que constituirá o patrón respecto ao que usuario desenvolverá a súa avaliación individual. Co fin de que os resultados de **i<sup>3</sup>sCEG** Xestor de Innovación alcancen o máximo rigor posible, establecéronse dous criterios para a identificación e descrición do perfil profesional Xestor de Innovación:

- Utilizar a terminoloxía e estrutura definida polo Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional.
- Atender ao proceso de I+D+I definido na Norma UNE 199002:2006 de Xestión da I+D+I. Requisitos do Sistema de Xestión da I+D+I.

Con base nestes criterios, e partindo dunha definición preliminar do perfil profesional, constituirase un Grupo de Expertos ao que se lle solicitará que proporcionen as súas opinións mediante o documento *Cuestionario para a identificación e avaliación das competencias do perfil profesional Xestor de Innovación (XEI)*. Os obxectivos do devandito cuestionario son:

- Analizar as competencias do perfil profesional Xestor de Innovación proposto e avaliar a súa idoneidade para o contexto galego.
- Completar o perfil profesional proposto con aquelas realizacións profesionais e criterios de realización que os expertos consideren adecuados.

De forma gráfica, as achegas dos expertos servirán de base para os seguintes pasos do proxecto, que se enuncian a continuación:





A definición de partida que propoñemos do Xestor de Innovación é a que resultou do Proxecto InnovaGesXXI–Gestor de la innovación del siglo XXI, desenvolvido pola Federación Asturiana de Empresarios (FADE). A escolla deste proxecto fundaméntase no feito de que atende aos devanditos criterios clave para a definición da metodoloxía automática de avaliación.

### 3.1. Plan de traballo para o Grupo de Expertos

Como pode comprobar na gráfica precedente, o plan de traballo que lle propoñemos englobase dentro da primeira fase do proxecto: Definición do perfil XEI.

O punto de partida desta primeira fase é identificar e validar as competencias do Xestor de Innovación, para o que requirimos a súa participación como membro dun Grupo de Expertos. O plan de traballo para o grupo é o que se define a continuación:

- **Acción 1:** avaliar as competencias do perfil profesional Xestor de Innovación. Para iso, propoñémoslle un cuestionario, no que lle solicitamos que valore as competencias inicialmente definidas e que engada aquelas que considere necesarias. Este cuestionario deberá ser cuberto e remitido á CEG antes do 22 de marzo de 2010.
- **Acción 2:** validar o perfil profesional Xestor de Innovación definido. Para iso, convidámolo a asistir a unha reunión conxunta do Grupo de Expertos, co fin de analizar as achegas recollidas nos cuestionarios e proceder á súa validación. Esta reunión terá lugar o xoves 25 de marzo ás 11:00 h. nas instalacións da CEG.

O resultado de ambas as accións será a definición e validación do perfil profesional Xestor de Innovación en Galicia. Esta definición será a principal entrada para elaborar a metodoloxía automatizada de avaliación, que constitúe a principal base na lóxica de funcionamento da ferramenta **i<sup>3</sup>sCEG** Xestor de Innovación.

#### Acción 1: cuestionario

Xunto con este *dossier* informativo remitímoslle o documento *Cuestionario para a avaliación e identificación das competencias do perfil profesional Xestor de Innovación (XEI)*. Nel encontrará a definición de partida da cualificación profesional do Xestor de Innovación, seguida de catro bloques de preguntas:

- Sección I: as competencias profesionais do Xestor de Innovación.
- Sección II: as realizacións profesionais do Xestor de Innovación.
- Sección III: os criterios de realización profesional.
- Sección IV: información persoal.

Ao comezo de cada unha destas seccións, encontrará información acerca dos obxectivos que se perseguen con cada unha delas, así como das instrucións para responder ás cuestións formuladas.

O cuestionario poderá ser cuberto ao empregar un editor de texto (opción recomendada) ou á man. Unha vez cuberto, pregámoslle que nolo faga chegar antes do 22 de marzo.



### 3.1.1. *Acción 2: reunión Grupo de Expertos*

A segunda acción que lle propoñemos é a participación nunha reunión conxunta do Grupo de Expertos que respondan ao cuestionario. No transcurso desta reunión, procederase á análise conxunta dos resultados obtidos nos cuestionarios, para finalmente proceder á validación das competencias do perfil profesional Xestor de Innovación. A reunión do Grupo de Expertos terá lugar na sede da Confederación de Empresarios de Galicia o vindeiro 25 de marzo das 11:00 ás 13:30 horas, e nela participarán os integrantes do Grupo de Expertos, así como o equipo de traballo do Proxecto **i<sup>3</sup>sCEG**.

Con carácter previo, porémonos de novo en contacto con vostede co fin de confirmar a súa participación.




## 4. ANEXOS

### 4.1. Anexo 1. Definición e estrutura da unidade de competencia

Na definición do perfil profesional Xestor de Innovación que se propón seguíuse a terminoloxía do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional (SNCFP)<sup>1</sup>, no que a cualificación profesional se define como o conxunto de competencias profesionais con significación para o emprego que poden ser adquiridas mediante formación modular ou outros tipos de formación, así como a través da experiencia laboral.

Cada cualificación profesional organízase en **unidades de competencia (UDC)**. A unidade de competencia é o agregado mínimo de competencias profesionais, susceptibles de recoñecemento, avaliación e acreditación parcial. Á súa vez, cada unidade de competencia exprésase como **realizacións profesionais (RP)** que establecen o comportamento agardado dunha persoa en forma de consecuencias ou resultados das actividades que realiza. Así mesmo, cada realización profesional é avaliada a través dun conxunto de **criterios de realización (CR)**, que expresan o nivel aceptable da realización profesional para satisfacer os obxectivos das organizacións produtivas e constitúen a guía para a avaliación da competencia profesional. O conxunto de competencias desenvólvese nun contexto profesional.

A estrutura das unidades de competencia segue o esquema que se sinala a continuación:



<sup>1</sup> Fonte: Instituto Nacional de las Cualificaciones (INCUAL), accesible en [<http://www.incual.es>].



#### 4.2. Anexo 2. Glosario de termos

- **Cualificación profesional:** conxunto de competencias profesionais con significación para o emprego que poden ser adquiridas mediante formación modular ou outros tipos de formación, así como a través da experiencia laboral.
- **Contexto profesional:** describe, con carácter orientador, os medios de produción, produtos e resultados do traballo, información utilizada ou xerada e cantos elementos de análoga natureza se consideren necesarios para enmarcar a realización profesional.
- **Criterio de realización (CR):** expresa o nivel aceptable da realización profesional que satisfai os obxectivos das organizacións produtivas e constitúe unha guía para a avaliación de competencias.
- **Realización profesional (RP):** elementos da competencia que establecen o comportamento agardado da persoa, en forma de consecuencias ou resultados das actividades que realiza.
- **Unidade de competencia (UDC):** agregado mínimo de competencias profesionais, susceptibles de recoñecemento e acreditación parcial, aos efectos previstos no artigo 8.3 da Lei orgánica 5/2002 de 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.

#### 4.3. Anexo 3. Perspectiva xeral das actividades do Proxecto i<sup>3</sup>sCEG

